

Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

Acta da sesión ordinaria do pleno nº 07/16

Data 18-08-2016

Acta anterior 16-06-2016

Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

Asistentes:

Alcalde

D. Fernando Pérez Fernández

Concelleiros presentes

D. Oscar Vázquez Corral

D. José David Pintor Pazo

D^a. María del Carmen Torreiro Cotos

D. Jesús Gómez García

D^a Manuela García Freire (renuncia)

D. José Antonio Cotos Seoane

-D^a. Marta García Sánchez

D. José Emilio Mahía Neira

Secretario.

D. Afonso Bieito Lorenzo Penela.

Acta pleno 07/2016

Acta da sesión ordinaria celebrada polo pleno deste concello o día dezaoto de agosto de dous mil dezaseis.

Na casa do concello de Vilasantar, sendo as trece horas e un minutos do día dezaoto de agosto de dous mil dezaseis, baixo a presidencia do sr. alcalde e coa asistencia dos concelleiros expresados na marxe, réunese o pleno deste concello no local habilitado ao efecto na Casa do Concello. Hai inicialmente 8 cidadáns presentes en calidade de público, que van entrando e saíndo ao longo da sesión.

Aberta a sesión de orde do Sr. presidente indica que esta sesión vai ser gravada. En consecuencia a referencia horaria do inicio de tratamento dos distintos puntos referirase ao tempo da gravadora.

A continuación pasouse ao estudo da orde do día, adoptándose sobre os asuntos contidos na mesma os seguintes acordos:

Previamente ao inicio do estudo deste punto a concelleira do BNG Marta García Sánchez prantexa, como cuestión de orde, que a sesión realízase o terceiro xoves de mes cando cumpría realizala o segundo. Advirte que en calquera caso, o alcalde quedara en avisar se non se ía facer o segundo xoves e non o fixo. Contesta o alcalde que o acordo polo que se fixaban as sesións ordinarias do pleno establecía que se celebrarían o segundo xoves dos meses pares e, de non poder facerse ese día, o terceiro xoves. Tras un breve debate sobre se se debía considerar avisado coa falta de convocatoria, defendido polo alcalde, ou se facía falla unha comunicación expresa, defendido por Marta García, pásase ao estudo do primeiro punto da orde do día.

1.- Aprobación de actas anteriores (01' 57")

A continuación o alcalde informa que quedan pendentes de aprobación as actas nº 05/16 de sorteo reserva membros mesas electorais de 10-06-2016 e 06-16, ordinaria, de data 16-06-2016, as cales remítense aínda nesta semana polo que non se poden aprobar, quedando pendentes.

2.- Control dos actos de goberno e Comprobación da recepción das actas da Xunta de Goberno Local.(02' 22")

O alcalde informa da acta que se remitiu dende a última sesión, que foi a número 11/16. As restantes actas remítense nesta semana (nº 12, 13, 14 e 15).

Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

Non hai máis intervencións neste punto.

3.- Escrito nº 1064 de renuncia da concelleira deste concello Manuela García Freire. (03' 05")

A continuación o alcalde dá conta do escrito de renuncia ao cargo de Concelleira subscrito por D^a. Manuela García Freire, presentado por rexistro de entrada co nº 1064 e data 22-07-2016, en virtude do cal ponse de manifesto as razóns que lle levaron a formalizar a renuncia voluntaria ao cargo, lendo o contido do mencionado escrito.

A continuación dá conta do procedemento que se debe seguir, tanto para tomar coñecemento da renuncia como para realizar os trámites conducentes ao nomeamento o máis rápido posíbel do novo concelleiro que debe de ser realizado pola Xunta Electoral Central.

Transcorridos (04' 51") toma a palabra a concelleira Manuela García Freire, quen expón que, despois de dezaoto anos como concelleira, alcaldesa e de novo concelleira considera que é tempo de deixalo. A estas consideracións únense motivos persoais que lle levan a non poder estar en Vilasantar tanto tempo como lle gustaría.

A continuación agradece aos compañeiros e compañeiras do BNG, agradecéndolles o seu traballo e apoio. Tamén quere agradecer aos veciños e veciñas que confiaron no BNG.

Engade que seguirá en Vilasantar, que non se vai de Vilasantar que é onde naceu e que seguirá sendo de aquí. Que este tempo foille enriquecedor, e que como muller, nacionalistas e de esquerdas seguirá loitando por este concello e para que as cousas se podan facer doutra maneira ben distinta.

Finalmente agradece aos concelleiros e concelleiras do PP que, aínda que moitas veces teñamos diferencias ideolóxicas, somos veciños e hai que traballar por este concello.

Finalizada a súa intervencións escóitanse aplausos por parte do público e da totalidade dos membros da corporación.

Transcorridos (07' 02") toma a palabra o alcalde Fernando Pérez Fernández que reconece, en nome propio e dos veciños de Vilasantar o traballo realizado por Manuela García Freire, independentemente do maior ou menor acordo que tiveran, e considera que Vilasantar perde politicamente coa súa saída da corporación, agradecendo o seu traballo.

Finalizadas as intervencións e visto que D^a. Manuela García Freire, Concelleira deste Concello, tomou posesión deste cargo o día 13-06-2016, tras as eleccións locais celebradas o día 24-05-2015, en cumprimento dos artigos 9.4 RD 2568/1986, de 26 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 182 O 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeneral, o Pleno da Corporación adopta o seguinte acordo:

Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

Tomar coñecemento da renuncia ao cargo de Concelleira do Concello presentada por D^a. Manuela García Freire.

4.- Aprobación inicial do orzamento xeral municipal para o exercicio económico de 2016. (09' 30")

A continuación o alcalde explica que este exercicio os orzamentos preséntanse con atraso respecto ao que é habitual no seu grupo de goberno e mesmo en corporacións anteriores que nunca o aprobaron tan tarde. As razóns foron a existencia do PEF e do forte remanente de tesourería negativo. A existencia deste remanente líquido de tesourería negativo é o que explica que teña superávit.

A continuación o alcalde explica que se remitiron todas as follas que compoñen a documentación dos orzamentos, coas bases de execución, o plano de investimentos, a plantilla de persoal, os conceptos de ingresos e gastos, a memoria desta alcaldía e os informes de intervención municipal, explicando a continuación os mesmos.

Indica que o orzamento é algo superior ao do exercicio anterior o que permite manter os servizos e actividades do concello.

Con respecto aos investimentos e dada a situación do exercicio xa se puideron orzamentar obras previstas, e aínda se poida ter feito con algunhas máis, como a da auga pero que optamos por non incluír pois aínda non é enteiramente segura.

Detense especialmente no capítulo I, de gastos de persoal, que medra respecto a anos anteriores, por mor do orzamento da devolución das extras ao persoal, a suba do 1% autorizada, menos ao cargo de dedicación exclusiva, os gastos da parte executada neste exercicio do obradoiro municipal e a dotación inicial ao posto de tesourería, equivalente ou inferior ao aprobado na contorna.

Os gastos de persoal supoñen o 46,16% do orzamento, o cal é unha porcentaxe moi alta. Este dato, en calquera, haino que relativizar, pois de terse orzamentado a obra da auga, sobre 500.000,00 euros, por exemplo, a porcentaxe tería baixado considerabelmente

Hai que ter en conta que moitos dos postos están subvencionados ao 100%, como é o caso do servizos sociais, e o resto, salvo a secretaría intervención, o técnico municipal e a administrativa, están subvencionados en parte, mencionando cada un.

Con vistas a aplicar políticas de aforro de gasto considera que en persoal non hai moito onde reducir, tendo en conta, ademais, que os salarios xa son baixos en comparanza con outros concellos da contorna.

A continuación informa sobre o resto dos capítulos, seguindo a memoria de alcaldía. Con respecto ao capítulo IV, emerxencias sociais, informa de que non se incrementou, pois en exercicios anteriores comprobouse que está chegando. Caso de ser necesario haberá que acudir a algunha operación de modificación orzamentaria.

Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

A continuación explica o orzamento de ingresos, seguindo tamén a memoria de alcaldía.

A continuación informa dos investimentos incluídos no orzamento, correspondentes a subvencións finalistas e cunha previsión de gastos do concello de 31.000,00 euros, ben para investimentos propios ou para completar algunha subvención. A previsión é prudente pois probabelmente haxa máis subvencións, unha nominativa, de 102.000,00 euros e a auga, esta de 512.000,00 euros. Ademais, indica, hai obras que non van no orzamento municipal, pero que benefician ao concello, como as concentracións parcelarias de Barbeito e San Vicenzo.

Finalmente fai unha valoración crítica da Lei de estabilidade orzamentaria do ano 2012, que limitan as posibilidades do orzamento.

A continuación (21'20") toma a palabra o concelleiro do BNG José Antonio Cotos Seoane que considera que estes orzamentos chegan tarde, mal e arrastro e que os motivos son os que dixo o alcalde, para que cadren as contas.

Con respecto aos gastos de persoal, indica que houbo unha baixada nas subvencións de varios postos de traballo sen que se adoptaran medidas por quen tiña que telas adoptado, o alcalde e o seu equipo de goberno. Descontados os gastos de persoal queda moi pouco para o resto dos gastos, en especial para obras.

Hai algo que non se menciona nunca, que é a débeda do concello. Considera que neste momento cúmprese a estabilidade e a regra do gasto, pero aumenta considerabelmente a débeda municipal. Menciona o gráfico do Ministerio de economía e facenda, no que se ve que no ano 2008 estaba en sobre 400.000,00 euro e baixara no 2011 a só 184.000,00, e hai que ter en conta que a débeda a longo prazo non sofre grandes variacións. Hoxe a débeda a curto prazo é de 287.000 euros. Dende aquela non fai máis que subir. Agora o total está en 382.000,00 euros.

Contesta o alcalde (25'18") que a débeda a curto prazo depende das subvencións e do Período Medio de Pago, poñendo como exemplo a realización do obradoiro, onde había que adiantar o pago de nóminas, que non contabilizan no cálculo do PMP, entre setembro de 2015 e febreiro deste ano, cando a subvención recibíuse en xullo. Deste xeito considera que a foto fixa da débeda a 31 de decembro de cada ano non reflexa realmente a realidade pois depende principalmente das subvencións pendentes de ingreso, nesa data, que é unha cantidade variábel.

Neste sentido informa de que ten realizado un escrito solicitando formalmente que as subvencións se ingresen no concello no prazo de un mes dende a aprobación polo concello dos gastos correspondentes da mesma.

Respecto aos datos da débeda, realmente o ano diferente é precisamente o do 2011, debido probabelmente ao que expliquei, un ano no que, por certo, a metade gobernou o BNG e a outra metade xa o PP. De feito, sen contar as subvencións, a débeda tende a diminuír.

Finalmente comenta que esta situación levou ao secretario a informar negativamente a obra da auga, dado o seu elevado custe e a dependencia da subvención, pois non se podería realizar o pago da

Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

mesma mentres non se recibise esta co risco de incumprir moi gravemente o PMP.

Con respecto aos gastos de persoal ratifícase no dito, e que nin vai baixar os soldos nin perder servizos. Finalmente pide ao BNG que diga onde se pode rebaixar en gastos de persoal.

A continuación (32'41") toma a palabra o concelleiro do BNG José Antonio Cotos Seoane que indica que fixo fincapé no gasto de persoal porque tamén o fixo Fernando, se o alcalde ve que hai problemas nese capítulo deberá de tomar algunha medida. Contéstalle o alcalde repetindo os argumentos xa expostos de postos de traballo subvencionados. Indica que o problema é máis ben a falta de ingresos, xa fixemos modificacións a alta de taxas e impostos, incidindo despois en que a auga aínda está moi barata, e mesmo o lixo en comparanza coa contorna. En canto ao resto dos impostos non está moi altos Continúa dicindo que o problema do concello é a falta de industria.

Continúa José A. Cotos Seoane que o problema da tardanza no cobro das subvencións tamén o terán os concellos da contorna e que hai só dúas formas de resolver o problema, a, subindo os impostos ou reducindo os gastos, contestando o alcalde que se reduciu o que se puido, xa non queda moito en que reducir. A débeda considera que se está reducindo. Fai unha comparanza cos concellos da contorna, que teñen industria ou núcleos urbanos.

Continúa José A. Cotos Seoane que cada concello se ten que adaptar a súa situación. O traballo da oposición é indicar que cousas se fan ben e tamén cales son erros, como o arrendamento do Cefae ou a débeda. Contesta o alcalde que un concello con liquidez non ten os nosos problemas, nós temos que pedir que nos paguen as subvencións no prazo de un mes.

A continuación (42'31") toma a palabra a concelleira do BNG Marta García Sánchez quen denuncia que na documentación que se lle remitiu ao concelleiro José A. Cotos Seoane, faltaba o informe de intervención, o de seis páxinas (corresponde ao informe sobre a lexislación e o procedemento, nota do secretario)

A continuación intervén o alcalde dando conta da existencia dun erro de feito nas bases de execución, xa que as cifras das cantidades a percibir polo s grupos políticos é de 300,00 euros o BNG e 600,00 euros o PP en vez das que figuran de 400,00 e 500,00 respectivamente. (100,00 euros por concelleiro).

Continúa Marta García Sánchez dicindo que falta a liquidación dos seis meses do exercicio corrente, contestando o secretario (de orde do alcalde) que considera que está cuberto coa liquidación do exercicio de 2015, xa remitida no seu día.

Sendo as (46' 15") sométese o asunto a votación, resultando adoptado o seguinte acordo por seis votos a favor (PP) e dous en contra (BNG):

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral do Concello de Vilasantar, para o exercicio económico 2016, xunto coas súas Bases de Execución, e cun importe que ascende a 1.539.836,70 euros no orzamento de ingresos e 1.337.389,21 euros no orzamento de gastos

SEGUNDO. Aprobar inicialmente a plantilla de persoal, comprensiva de todos os postos de

Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

traballo reservados a funcionarios e persoal laboral.

TERCEIRO. Expoñer ao público o Orzamento Xeral para o 2016, as Bases de Execución e persoal aprobados, por prazo de quince días, mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, a efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

CUARTO. Considerar elevados a definitivos estes acordos no caso de que non se presente ningunha reclamación.

QUINTO. Remitir copia á Administración do Estado e da Xunta de Galicia

5.- Mocións (47' 06")

Non hai presentada ningunha moción.

6.- Rogos e Preguntas (47' 06")

A/ Preguntas presentadas por escrito

O alcalde constata que non hai preguntas presentadas por escrito.

B/ Rogos e Preguntas realizadas directamente no pleno (47' 30")

A/ Leira en situación de perigo por maleza (47' 33")

A concelleira do BNG Marta García Sánchez informa da mala situación en que se atopa unha leira lindeira cunha súa, como xa sabe o técnico municipal. Interrómpea o alcalde para preguntarlle se se refire á de Genaro, contestando Marta García Sánchez que si. O alcalde contesta que lle pediu un informe ao técnico municipal e que acaba de pasarllo onte mesmo. Voulo remitir en canto averigüe o seu enderezo, probablemente hoxe mesmo.

B/ Presión de auga en Cencasas (48' 34")

O concelleiro do BNG José Antonio Cotos Seoane pregunta se o alcalde ten coñecemento de problemas na traída de augas de Cencasas, contestando o alcalde que si, que sabe que hai un problema de presión. Que cando o equipo de goberno do BNG fixo o caseto no cal ía a impulsión da auga para varios lugares de Vilariño, non se uniu á de Cencasas. O equipo de goberno actual vai abrir a entrada este verán, entre agosto e setembro, para intentar unir ás bombas a Cencasas. É tan só un problema de presión, criticando a obra realizada no seu día, o que conleva un cruce de palabras entre o alcalde e Manuela García Freire, xa entre o público. Remata o alcalde dicindo que o problema da presión vano solucionar.

C/ Auga de Vilasantar embarrada (50' 00")

Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

O concelleiro do BNG José Antonio Cotos Seoane pregunta por que saíu embarrada a auga de Vilasantar estes días. Contesta o alcalde que xa se avisara por editos de que se ía limpar o depósito de Vilasantar. Coincidiu que xusto neses día houbo unha avaría nas obras das beirarrúas que limitou as medidas que adoptamos (un depósito suplementario), motivando que durante dous ou tres días a auga saíse mal. O problema subsanouse neses dous ou tres días. Polo que sei, os veciños entenderon o problema, que coincidiran no tempo unha avaría coa limpeza, senón teríase resolto co depósito suplementario

D/ Partida orzamentaria do sumidoiro do empalme (51' 57")

O concelleiro do BNG José Antonio Cotos Seoane pregunta a que Partida orzamentaria se aplicou a obra do sumidoiro do empalme. Contesta o alcalde que a deputación provincial vai facer unha senda peonil na que observamos que non se inclúen os sumidoiros, ao meu modo de ver erroneamente. Nós consideramos que hai que metelo e a deputación non o permite, explicando como son as obras, e pedímoslle á empresa que fai as obras, que os inclúa ao noso cargo. O gasto é pequeno e sabemos que hai unha subvención medioambiental e incluímosla e xa está concedida, o gasto vai á conta desa subvención.

E/ Cobro da traída de augas en convenio con Curtis (55' 42")

O concelleiro do BNG José Antonio Cotos Seoane pregunta por como se está a cobrar aos veciños a auga que procede do concello de Curtis, contestando o alcalde que non é a auga senón o saneamento e que existe un convenio con concello de Curtis, os veciños asinaron un escrito co concello aceptándoo e cóbraselles a mesma cantidade que o concello de Curtis. Que cando entre en funcionamento o Coto dos Corzos, domiciliárase. Por agora remíteselles a liquidación que Espina e Delfín lle fai ao concello.

F/ Obra das beirarrúas de Vilasantar (58' 59")

O concelleiro do BNG José Antonio Cotos Seoane pregunta se están rematadas as obras das beirarrúas de Vilasantar, contestando o alcalde que, coñecendo o proxecto, aínda non, de feito hai un problema á altura do bar de Lodeiro, onde se producen encharcamentos.

José Antonio Cotos Seoane considera que o concello, polo que se ve, vaise quedar cunhas beirarrúas en estado lamentábel, contestando o alcalde que esa é a súa opinión, que o estado lamentábel era como estaba antes, cando entramos nós a gobernar, mencionando como estaban levantadas as beirarrúas e agora amañámolas e facemos aparcamentos e menciona o problema da falta de aparcamentos por mor dos peches ilegais feitos.

José Antonio Cotos Seoane di que cando remate esta obra acabará o convenio e cederannos a obra, contestando o alcalde que agora a competencia será nosa e poderemos vixiar mellor as obras, poñendo o exemplo dos cerres, pois a distancia poñerémola nós, o que provoca un debate sobre as competencias. A continuación critica que o concelleiro do BNG utilizase a palabra lamentábel.

José Antonio Cotos Seoane segue a criticar as obras, explicando por que dixo lamentábel, dicindo que unha cadeira de rodas en moitos sitios non pode subir polos seus accesos, que hai un déficit de aparcamentos e os coches téñense que aparcarse enriba da beirarrúa, cando se podían ter feito moitos

Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

máis cós oito ou dez que se fixeron, pero significa que se poden perder votos, pero o que hai que facer é o ben do pobo. Di que el sabe de xente que falou con el e que deixaba facer aparcamentos, pero que o equipo de goberno nin falou con eles, o alcalde pídelle o nome e o concelleiro do BNG di que non llos vai dar, iniciándose unha discusión.

O alcalde di que si se falou con xente, poñendo exemplos. Di tamén que o proxecto que nos queriamos non nolo aceptaron, pero fixéronse cousas e máis que se van facer.

Séguese a discusión sobre as obras dos particulares e se se falou con eles e cando. José A. Cotos Seoane menciona a realización dunha obra recente sen cumprir as distancias ao eixo da estrada, pedindo o alcalde que se recolla en acta esta declaración, o que se fai.

Finalmente José Antonio Cotos Seoane opina que o proxecto aprobado no mes de decembro do ano pasado por 293.000,00 euros non se corresponde co que di o cartaz da obra, preguntando o alcalde que di o cartaz e contestándolle o concelleiro do BNG que o mire. O alcalde remata dicindo que lle quedou claro que para o BNG a situación é lamentábel.

G/ Escombros no camiño de Fisteus (1h. 13' 15")

O alcalde do concello, Fernando Pérez Fernández, pregunta ao concelleiro do BNG José A. Cotos Seoane, só para saber, sen que esixirle resposta, que recibiu un chamada denunciando que se tiraron escombros en grande cantidade que impiden o paso no antigo camiño a Fisteus ou á Feira. Tiráronse xusto debaixo da leira de José A. Cotos Seoane e pregúntalle se sabe quen puido ser, pois se ese escombros se depositase ben, aínda podía ser un amaño para o camiño.

José Antonio Cotos Seoane contesta que el non o sabe e que, de feito, pensara que se tirara o escombros co permiso do alcalde pois tirouse moito, falando de varios camións. O alcalde contéstalle mostrando a súa sorpresa por que non lle preguntaran por ese escombros no pleno.

A concelleira do BNG Marta García Sánchez comenta que esta pregunta escusábase de facela no pleno, o que provoca unha breve discusión.

José Antonio Cotos Seoane opina que ese escombros foi bo para o camiño, pois era unha braña, contestando o alcalde que tal e como quedou non está ben e mesmo non se pode pasar, por iso gustaríalle falar con quen fose, pois esa persoa vai ter un problema con Medio ambiente, a non ser que amaño o camiño.

E non habendo máis asuntos a tratar o Sr. presidente dálle as grazas dende a equipa de goberno a Manuela García Freire por todo e levanta a sesión sendo as catorce horas e vinte e un minutos (duración de 1h. 19' 55"), do que eu, secretario, dou fe.

Vº e pr.
O alcalde.

O secretario.

Asdo. Fernando Pérez Fernández

Asdo. Afonso Bieito Lorenzo Penela.